

Celga



3

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-18 (1)

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede este artigo sobre as canceiras. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

As canceiras ofrecen un servizo aceptable, pero precisan melloras en información e servizos

As canceiras non gozan de boa imaxe. Asíanse a lugares insalubres onde os animais ouvean amoreados mentres agardan o sacrificio. Agora ben, a realidade non sustenta este prexuízo. En liñas xerais, as súas infraestruturas son amplas e as mascotas (cans, pero tamén gatos e ata cabalos ou papagaios) dispoñen de espazo, alimento e hixiene abondos. O seu estado é aceptable, aínda que as deficiencias son tamén significativas. As principais: unha información e atención á cidadanía escasa e unha dotación de servizos mellorable (ás veces non contan con controis veterinarios periódicos ou non seguen un calendario de vacinas).

Sacrificar ou non os animais?

Que facer cando se ven desbordadas? Algunhas canceiras municipais admiten que sacrifican os animais, outras optan por pór en marcha campañas de adopción ou trasládanos a outros centros. Iso si, en todas se opta polo sacrificio cando son agresivos ou teñen enfermidades graves ou infecciosas e sofren feridas graves por maltrato.

É unha decisión controvertida pero, as máis das veces, o destino dunha mascota cando a abandonan e ninguén a adopta é a morte. Con todo, hai iniciativas pioneiras, como a do Concello de Barcelona, que prohibe sacrificar os animais da canceira e potencia campañas de concienciación e controis para evitar os abandonos.



Levar un animal para a casa: unha decisión meditada

Adoptar ou mercar unha mascota implica asumir unha responsabilidade. Non é un boneco, senón un ser vivo que vai estar ao noso cargo e precisa de atencións. Por isto, antes de facelo, convén responder varios interrogantes que poden axudarnos a tomar unha decisión:

1. Están todos os membros do fogar de acordo con adoptar unha mascota? Ás veces, facelo responde a un impulso, sen ter en conta a responsabilidade que supón ter un ser vivo na casa ao que coidar e educar. Tamén hai que mirar se na familia hai alguén con alerxias ou asma; o pelo dos gatos, cans, roedores e cabalos, por exemplo, pode producir alerxia.
2. Ten tempo para atender a mascota? Aos animais non lles vale como escusa que o dono estea canso. Hai que atendelos a diario, pórilles comida e auga, sacalos a pasear polo menos tres veces ao día se son cans, estar con eles etc. Cómpre procurarlles unha vida integrada na familia, darlles unha dieta sa e facilitar que fagan exercicio. E nas vacacións tamén os hai que atender.
3. Está disposto a asumir os custos de ter un animal? Terá gastos en comida, accesorios... Ademais, deberá levalo á revisión co veterinario unha vez ao ano como mínimo; enfermidades, operacións e tratamentos á parte. É un compromiso de por vida; e non esqueza que a lei establece obrigas, como inscribilo no censo da cidade, colocarlle o microchip, brindarlle a atención veterinaria necesaria e mantelo en condicións dignas. O gasto medio anual no caso dun can anda polos 400 euros, 200 para un gato.
4. Está disposto a convivir cun animal de compañía? Para que a convivencia sexa un éxito é imprescindible adestrallo, preferiblemente de cachorro. Vivir cunha mascota supón crear e manter lazos de afecto, pero tamén sentimentos negativos; por exemplo, pola súa morte ou polo seu comportamento.
5. Que tipo de animal quere ter? Analice ben o que está a buscar. Un can acompañarao nos paseos con entusiasmo pero, se é unha persoa caseira, mellor un gato. Seleccione con coidado a raza, pois cada unha ten os seus trazos de conduta. Elixa cachorros de máis de dous meses, xa que antes precisan do alimento da nai. Consulte que vacinas lle aplicaron e cales non. Asegúrese de que llo entregan desparasitado e co microchip implantado. De non ser así, acuda ao veterinario para que o animal estea ao día no relativo á saúde.
6. É preferible un cachorro ou un animal adulto? As preferencias baséanse en criterios persoais. Porén, o habitual é decantarse por cachorros porque os animais adultos adquiriron uns hábitos que poden dificultar o seu adestramento e aprendizaxe.

Texto adaptado da revista *Eroski Consumer*

PARTE 2

<p>1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL</p>	<p>1-2 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, así que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? (Se procede) ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
<p>2. RESUMO</p>	<p>3 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do vídeo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Cales son os aspectos sobre os que debemos reflexionar antes de levar un animal para a casa? ■ Por que é necesario pensar se un ten tempo para coidar un animal? ■ Que atencións require un animal cada día? ■ Por que é preferible un cachorro a un animal adulto? 	
<p>3. EXPOSICIÓN</p>	<p>3-4 minutos aprox.</p>
<p>Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumento sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indícaráselle o seu tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	

Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:

- A. “Os animais son a mellor compañía.”
- B. “As canceiras ofrecen un servizo aceptable pero non gozan de boa imaxe.”
- C. “Ter un animal de compañía implica asumir gastos e responsabilidades.”
- D. “A preferencia á hora de elixir mascota baséase en gustos e criterios persoais.”

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato.

OPCIÓN A

“Os animais son a mellor compañía”

- Cre vostede que na actualidade cada vez son máis as persoas que teñen un animal de compañía? Por que?
- Cre vostede que se pode acoller ou comprar un animal coma se fose un xoguete? Por que?
- Que animal de compañía ten ou lle gustaría ter a vostede? Por que?
- Que problemas presenta ter un animal na casa?
- É máis problemático ter un animal nun piso ca nunha casa? Por que?
(Se procede)
- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

OPCIÓN B

“As canceiras ofrecen un servizo aceptable pero non gozan de boa imaxe”

- É necesaria a existencia de canceiras? Por que?
- En que consiste o traballo destas entidades? Que animais acollen? Cre que as protectoras de animais son mellor alternativa?
- Coñece alguén que fose buscar un animal a unha canceira ou a unha protectora? Foi unha boa experiencia?
- Vostede acollería un animal que estivese nunha canceira ou nunha protectora? Por que?
- Cre que hai moita xente que abandona animais? Por que cre que o fai?
- Cre que é certo que as canceiras sacrifican algúns animais? Por que?
(Se procede)
- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

OPCIÓN C

“Ter un animal de compañía implica asumir gastos e responsabilidades”

- Cales cre vostede que son as principais responsabilidades de ter un animal?
- Cre que a xente pensa nas persoas coas que convive (persoas con alerxias, persoas maiores, nenos) antes de escoller un animal de compañía?
- Cre que, á hora de elixir a súa mascota, cómpre ter en conta as súas necesidades (de espazo e de tempo para lle dedicar)?
- Ter un animal tamén implica un gasto económico, como se sinala no texto. En que consiste ese gasto?
- Cre que a xente valora estes gastos antes de ter o animal? Que consecuencias ten esa falta de previsión?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?

OPCIÓN D

“A preferencia á hora de elixir mascota baséase en gustos e criterios persoais”

- Cre que hai unha mascota ideal para cada tipo de persoa? Cal sería a súa preferida?
- Cre que coas mascotas exóticas podemos establecer as mesmas relacións de afecto que cos animais domésticos como os cans e gatos?
- Cre que os animais domésticos teñen funcións no fogar que nunca poderán asumir outros animais?
- Cre que as mascotas exóticas son unha moda pasaxeira?
- Cre que as mascotas exóticas poden causar máis problemas no fogar ca os animais domésticos? E na cidade?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza entre Galicia e o seu lugar de orixe respecto a este tema?